



# CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 1/2024

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E TRES DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

En Ordes, a vinte e tres de xaneiro de dous mil vinte e catro.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO.
- D<sup>a</sup>. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D<sup>a</sup>. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D<sup>a</sup>. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D<sup>a</sup>. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVARDE REY
- D<sup>a</sup>. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D<sup>a</sup>. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

### 1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria de 11 de novembro de 2023, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión extraordinaria de 11 de novembro de 2023, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, coa abstención do Sr. Veiras Carneiro, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

### 2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

### 3. SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS ELECCIÓN A O PARLAMENTO DE GALICIA 18 DE FEBREIRO DE 2024.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta da obriga de dar cumprimento ó disposto no art. 26.1 e 4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral en relación coas Eleccións ao Parlamento de Galicia, a celebrar o día 18 de febreiro do ano en curso, convocadas mediante Decreto 150/2023, de 25 de decembro (DOG nº 243, de data 26/12/2023).

Seguidamente polo Pleno do Concello procédese, mediante o emprego de medios informáticos, ao sorteo público das dezaioito mesas electorais correspondentes aos distritos e seccións dos que consta o Municipio de Ordes, formándose as Mesas que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se apuntan que figuran anexos a esta acta.

### 4. ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE RECOÑECIMENTO E DIGNIFICACION DOS VECIÑOS FUSILADOS O 08/02/1937.

Vista a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

“No amencer do 8 de febreiro de 1937, 11 homes de Ordes foron fusilados no cemiterio de Boisaca, en Santiago de Compostela, vítimas do terror desatado tralo golpe do estado do ano anterior. Décadas despois deste tráxico suceso, compre que, dende o Concello de Ordes, se adopten as medidas oportunas para honrar a memoria das vítimas deste dramático suceso, dignificar a memoria das vítimas e confortar as súas familias, pero tamén recordar a todas as persoas que sufriron dun outro xeito os efectos daquela etapa histórica marcada polo terror, a represión e a guerra.

A lembranza das vidas perdidas en defensa da liberdade e da democracia provoca na actualidade a responsabilidade de adoptar medidas para o seu recoñecemento e dignificación destas persoas.

Por todo elo, propono ao Pleno adopción do seguinte acordo.

Colocación nunha das fachadas da Casa Consistorial cara praza da Alameda dunha praca conmemorativa na que figura a lenda 8 de febreiro. e os nomes dos once veciños de Ordes fusilados en Boisaca.

Polo Concello convocarase un acto social de concentración para gardar un minuto de silencio na memoria destas persoas fusiladas. Será un acto político que estará aberto a participación das familias das vítimas e de toda a veciñanza”.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que nada pola súa parte, nada que engadir, pois é unha reivindicación do Partido Socialista que no seu día presentou neste pleno a súa compañeira. Agradecen e alégranse de que se vai a levar a cabo este acto.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que reitera o que manifestaron naquel pleno de febreiro do ano pasado e están completamente de acordo co acto e dignificar e honrar a memoria destes once de Ordes que tristemente foron fusilados en Boisaca fai case noventa anos, creo que oitenta e oito, nesta ocasión.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que son oitenta e sete anos. Hai total acordo por todas as partes, dar cumprimento, como quedaron no seu momento ao acordo plenario desa moción como acaban de facer referencia, que xa foi acordado por unanimidade. A moción, a verdade, que recollía outro tipo de acordo, pero xa naquel momento habían falado de levalo a unha liña deste sentido, cara unha praca na zona da Alameda e facer a convocatoria a toda a veciñanza, máis lóxicamente a calquera outra persoa que queira asistir de outros lugares.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Colocación nunha das fachadas da Casa Consistorial cara praza da Alameda dunha praca conmemorativa na que figura a lenda 8 de febreiro. e os nomes dos once veciños de Ordes fusilados en Boisaca.

Polo Concello convocarase un acto social de concentración para gardar un minuto de silencio na memoria destas persoas fusiladas. Será un acto político que estará aberto a participación das familias das vítimas e de toda a veciñanza”.

### 5. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2024” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Vistas as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2024”, que se destina aos 93 concellos da provincia (Boletín Oficial da Provincia nº 227 do 28/11/2023) (**Expdte. 2024/A008/000001**).

Vistas as cantidades do POS+2024 asignadas a ese concello para cada un dos tipos de achega son as que figuran na seguinte táboa:

| Achega provincial 2024 | Achega provincial 2023 | TOTAL POS+ 2024 |
|------------------------|------------------------|-----------------|
| 409.024,11 €           | 317.202,37 €           | 726.226,48 €    |

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo, de data 18/01/2024.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que nada pola súa parte, son actuacións como ven di a maioría delas destinadas a acabar proxectos que xa empezaron, entón non se va a opoñer, nin teñen nada máis que dicir.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que analizando os proxectos, con respecto ao que se fai na proposta da alcaldía sobre a humanización da rúa do Mirón, aparentemente, ven que modificando lixeiramente a distribución das prazas de estacionamento, creen que sería posible obter unha máis, sen que eles supuxese una



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

diminución do que é a accesibilidade na zona. Piden que o reformulen ou que o estuden cos servizos técnicos para ver se pode ter un conta, porque se sacan catro actualmente, unha máis na zona vaise notar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se quere mandar unha simple proposta dun boceto, llo fan chegar sen ningún problema. Xa sabe que esa modificación se pode facer perfectamente en obra.

Intervén o Sr. Vidal Riós, que sinala que despois o que tamén ollan é que non se contempla, si que é certo que se modifican as conducións de abastecemento e de saneamento na rúa por outras novas, pero non se contempla, por exemplo, o soterramento das conducións eléctricas e de telecomunicacións, que na zona están situadas polas fachadas dos edificios e ven como constantemente cada pouco ven unha nova empresa e nestes días anda unha de fibra óptica instalando unhas fachadas dos edificios. É igual era bo tamén aproveitar este tipo de actuacións para dispoñer esas canalizacións e que se puideran soterrar nas rúas sobre as que se actúan. Despois por outra banda, desvíanse 409.024,11 euros dos fondos do POS+ 2024 a gasto corrente no orzamento municipal na vez de atender que se podía facer indicando unha serie de actuacións demandas ou carencias que a veciñanza lles veñen trasladando, como a ampliación dos servizos de saneamento e abastecemento polas parroquias polo rural. Actuacións, por exemplo, para solucionar os problemas de condensacións nos pavillóns municipais que estes días seguen a manifestarse, impedindo a práctica deportiva no seu interior, precisamente nas épocas do ano que máis falta fan, ou a implantación de medidas para o calmado do tráfico nas pistas principais das parroquias, ou medidas de seguridade e tamén nos pasos peonís das estradas principais no casco urbano. Repite, eses 409.000 euros podían ir destinados a este tipo de obras na vez de desvialos a gasto corrente do presuposto municipal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa ten dito en anteriores ocasións, é evidente e notorio que a dilixencia que poida ter un orzamento municipal é sensiblemente superior, por non dicir sobresaintemente a calquera execución dun plan provincial de obras e servizos, polo que iso que acaba de dicir é totalmente contraditorio no sentido que o que se consegue con isto é precisamente dar cobertura a moitas actuacións municipais a día de hoxe do gasto corrente que son deficitarias, todas as que coñecemos e das que temos falado aquí en múltiples ocasións. A verdade é que desde a oposición é moi fácil pedir baixada de impostos, baixada de taxas, de prezos públicos e demais. E despois desde o punto de vista da execución, calquera proxecto que se faga con cargos aos orzamentos municipais sempre vai ser moitísimo máis rápido, moitísimo máis eficaz e vai chegar moitísimo antes aos veciños, que o que se pode facer coa tramitación, a través dos pregos e das condicións que establece o plan de obras da Deputación da Coruña, plan único que teñen a día de hoxe vixente. E polo tanto, xa lle di, como fan pensa que inmensa maioría dos gobernos municipais que teñen a potestade de poder facelo. Todos aqueles que teñen maioría absoluta e non dependen do pleno. Esta é unha medida que fan todas as cores políticas en todos e cada un dos lugares. É que é beneficiosa para os veciños. É que hai que é saber trasladar, saber explicar e que teñen que ser coñecedores. Polo tanto, non se fai ningún tipo de desvío estraño. De acordo cos certificados dos técnicos municipais cubre buratos importantes que hai nos servizos de gastos correntes, despois si que se pode incrementar a partida do capítulo seis en diferentes actuacións ao longo do exercicio 2024, neste ano cree que lles vai a tocar traballar sobre el. E no que ante todo cree que vamos a ter un importante implicación en ter que sacar adiante o contrato de recollida de residuos sólidos urbanos e de limpeza viaria, que vai a supor un incremento substancial tamén dese gasto corrente e despois que vai haber que facer os axustes que leva acompañados en canto ao recibo que hai que trasladar aos veciños en cumprimento da normativa da Unión Europea e da normativa estatal.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que reitera o que xa dixo. O que están a dicir é que ven unhas necesidades que lles trasladan os veciños e que se podían atender con estes fondos. Evidentemente, os desvían ao capítulo de gasto corrente, despois farán as correccións necesarias para aplicar a parte correspondente ao capítulo de inversións. Decidirán as obras supón que cando cheguen os presupostos municipais, pero tampouco saben cales van ser. Entón o que están a demandar é unha serie de deficiencias, como dixeron, medidas para o calmado do tráfico, medidas para solucionar as condensacións dos pavillóns municipais, ampliar os servizos de abastecemento e saneamento públicos polo rural ou mellorar a seguridade viaria mediante maior iluminación ou sinalización dos pasos peonís en zonas que xa se teñen producido tamén, por desgracia, atropelos.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de once votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político PSdeG-PSOE), coas abstencións (6 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2024" e con cargo á "achega provincial 2023":

### A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

|  | Deputación          |
|--|---------------------|
| Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 409.024,11 €        |
| Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)                 | 0,00 €              |
| <b>Subtotal gasto corrente</b>                                       | <b>409.024,11 €</b> |

### B ) Financiamento de investimentos:

| ACHEGA PROVINCIAL 2023                               | FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO |  |                |                    |                     |
|--|-------------------------------|--|----------------|--------------------|---------------------|
|  | Deputación                    | Concello   |                |                    | Orzamento total     |
| Achega municipal                                     |                               | IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecemento auga potable) | Total Concello |                    |                     |
| Pista do Curro a N-550 (Pereira) e outros (Beán)     | 219.399,43 €                  | 12.494,70 €  | 0,00 €         | 12.494,70 €        | 231.894,13 €        |
| Humanización da rúa do Mirón                         | 97.802,94 €                   | 5.500,00 €   | 0,00 €         | 5.500,00 €         | 103.302,94 €        |
| <b>Subtotal investimentos achega provincial 2023</b> | <b>317.202,37 €</b>           | <b>17.994,70 €</b>   | <b>0,00 €</b>  | <b>17.994,70 €</b> | <b>335.197,07 €</b> |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

### D) Resumo:

| POS+ 2024 | Concello |     |  |
|-----------|----------|-----|--|
|           |          | IVE |  |
|           |          |     |  |



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

| RESUMO DE FINANCIAMENTO                           |                               | Deputación   | Concello    | soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable) | Total concello | Orzamento Total |
|---|-------------------------------|--------------|-------------|--|----------------|-----------------|
| A- GASTOS CORRENTES                               | Achega 2024                   | 409.024,11 € |             |  |                | 409.024,11 €    |
|   | Achega 2023 (Excep. base 2.1) | 0,00 €       |             |  |                | 0,00 €          |
| B- INVESTIMENTOS                                  | Achega 2024                   | 0,00 €       |             |  |                | 0,00 €          |
|   | Achega 2023                   | 317.202,37 € | 17.994,70 € | 0,00 €   | 17.994,70 €    | 335.197,07 €    |
| C- REDUCCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN | Achega 2024                   | 0,00 €       |             |  |                | 0,00 €          |
|   | Achega 2023                   | 0,00 €       |             |  |                | 0,00 €          |
| D- TOTAL  | Achega 2024                   | 409.024,11 € | 0,00 €      | 0,00 €   | 0,00 €         | 409.024,11 €    |
|   | Achega 2023                   | 317.202,37 € | 17.994,70 € | 0,00 €   | 17.994,70 €    | 335.197,07 €    |
|   | TOTAL                         | 726.226,48 € | 17.994,70 € | 0,00 €   | 17.994,70 €    | 744.221,18 €    |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| Denominación dos investimentos financeiramente sostibles<br>(mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023) | (A)<br>Orzamento de contrata | (B)<br>IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible) | (C)=A-B<br>Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B) |
|---|------------------------------|---|---|
| Accesos na Bouciña e outros (Buscás)  | 366.253,30 €                 | 0,00 €  | 366.253,30 €  |
| Senda dos Baltares ao Cruceiro (Barbeiros) e outros   | 257.377,30 €                 | 0,00 €  | 257.377,30 €  |
| Pista do Pazo a Castenda e outros (Parada)  | 264.200,75 €                 | 0,00 €  | 264.200,75 €  |
| <b>TOTAIS</b>   | <b>887.831,35 €</b>          | <b>0,00 €</b>   | <b>887.831,35 €</b>   |

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitado todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### **6. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2024” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

Vistas as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2024”, que se destina aos 93 concellos da provincia (Boletín Oficial da Provincia nº 227 do 28/11/2023) (**Expdte. 2024/A008/000002**).

Visto que o concello pode destinar a “achega provincial 2024 extraordinaria” ao financiamento dos gastos sociais, segundo se detallan na Base 12, a través do “POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024”.

Visto que As cantidades do POS+ 2024 asignadas a este concello correspondentes á achega provincial POS+ADICIONAL 1/2024 para gastos sociais extraordinarios ascenden á cantidade de 116.864,03 €.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, de data 18/01/2024.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que como xa dixeron outro día na Xunta de voceiros, claro, son gastos que nos non manexamos, o fai a mancomunidade. Non están a favor nin en contra. Segundo planificaron, fixeron eles todo, non lles explicaron, non lle dixeron, para nós é algo que tedes que falar co o resto dos concellos. Si son servizos realizados pola mancomunidade, claro, pero son servizos que son de Ordes, pero pagados pola mancomunidade. Entón aquí quen ten que falar mais sodes vos. A verdade é que co que se expuxeron, hai cousas que ao mellor darían mais presuposto, pero claro, aí quen coñece as necesidades dos distintos servizos sodes vos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que van votar favorablemente adherirse a este fondo, pois estes 116.864 euros benvidos sexan, a pesar de que realmente a Deputación non é quen ten competencias na materia de gasto social. Que contribúan a sufragar gastos que son seguramente superiores dos servizos sociais do concello de Ordes e que despois se deriven a mancomunidade.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2024" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ Adicional 2024: **116.864,03 €**.

| GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024<br>GASTO CORRENTE   | PREVISIÓN DE GASTOS 2024 | ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO | PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024 | OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO |
|---|--------------------------|--|---|--|-------------------------------------|
|   | (A)                      | (B)  | (C=A-B)                                       | (D)  | (E=C-D)                             |
| a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.  | 55.750,00 €              | 0,00 €   | 55.750,00 €                                   | 55.750,00 €  | 0,00 €                              |
| b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. | 30.000,00                | 0,00   | 30.000,00 €                                   | 30.000,00 €  | 0,00 €                              |
| c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin   |                          |  | 0,00 €  |  | 0,00 €                              |





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

|   |                     |               |                     |                     |               |
|---|---------------------|---------------|---------------------|---------------------|---------------|
| a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo.<br>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas. |                     |               |                     |                     |               |
| d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.   | 11.114,03 €         | 0,00 €        | 11.114,03 €         | 11.114,03 €         | 0,00 €        |
| e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.  | 20.000,00 €         | 0,00 €        | 20.000,00 €         | 20.000,00 €         | 0,00 €        |
| f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.  |                     |               | 0,00 €              |                     | 0,00 €        |
| g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.   |                     |               | 0,00 €              |                     | 0,00 €        |
| h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.  |                     |               | 0,00 €              |                     | 0,00 €        |
| <b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b><br>Este importe poderá ser aplicado en calquera dos  | <b>116.864,03 €</b> | <b>0,00 €</b> | <b>116.864,03 €</b> | <b>116.864,03 €</b> | <b>0,00 €</b> |



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

| apartados anteriores na xustificación  |                     |  |   |  |                                     |
|--|---------------------|--|---|--|-------------------------------------|
| GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024  | PREVISIÓN DE GASTOS | ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO | IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024 | OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO |
| INVESTIMENTO   | (A)                 | (B)  | (C=A-B)                                       | (D)                                    | (E=C-D)                             |
| i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios. | 0,00 €              | 0,00 €   | 0,00 €  | 0,00 €                                 | 0,00 €                              |
| j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.  | 0,00 €              | 0,00 €   | 0,00 €  | 0,00 €                                 | 0,00 €                              |
| <b>SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO</b>  | <b>0,00 €</b>       | <b>0,00 €</b>                                    | <b>0,00 €</b>                                 | <b>0,00 €</b>                          | <b>0,00 €</b>                       |
|  |                     |  |   |  |                                     |
|  |                     |  |   |  |                                     |
| TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024  | 116.864,03 €        | 0,00 €   | 116.864,03 €                                  | 116.864,03 €                           | 0,00 €                              |
|  |                     |  |   |  |                                     |
|  |                     |  |   |  |                                     |
|  |                     |  |   |  |                                     |
| <b>I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES</b>   |                     |  |   | <b>116.864,03 €</b>                    |                                     |
| <b>II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)</b>  |                     |  |   | <b>0,00 €</b>                          |                                     |
| <b>III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)</b>  |                     |  |   | <b>0,00 €</b>                          |                                     |
| <b>TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)</b>  |                     |  |   | <b>116.864,03 €</b>                    |                                     |

### 7. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 30 de novembro de 2023, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

### 8. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“A accesibilidade universal refírese á condición que deben cumprir os entornos, obxectos e/ou servizos para ser usados pola maior cantidade de persoas.

Dentro da accesibilidade universal contéplase (i) a accesibilidade física (ii) a accesibilidade cognitiva e (iii) a accesibilidade sensorial.

#### (i) Accesibilidade física

A accesibilidade física atópase estreitamente relacionada coa contorna física. Céntrase nas barreiras que afectan ás persoas con mobilidade reducida aínda que pode afectar a outras como as que portan carriños de bebé. Algúns exemplos son a colocación de interruptores e timbres a unha altura axeitada, a ampliación de beirarrúas, a colocación de ramplas de acceso, a instalación de barras e plataformas elevadoras ou a adaptación de baños.

#### (ii) Accesibilidade cognitiva.

Engloba aqueles aspectos relacionados coa comprensión e as capacidades mentais. Baseáse na propiedade que debe ter unha mensaxe (texto, comunicación de audio, símbolos...) para facilitar a comprensión, o procesamento da información, o procesamento perceptivo, a atención, a resolución de problemas ou a memoria. Calquera pode beneficiarse aínda que é unha medida especialmente dirixida a colectivos con discapacidade intelectual, dano cerebral adquirido, autismo...ou persoas maiores. Algunhas adaptacións son as seguintes:

Lectura fácil: Representa un texto de acordo con un conxunto de regras para que sexa máis fácil de entender.

Sinalización: Por exemplo, utilizando pictogramas, apostando por una sinalización máis visible, incluíndo distintos tipos de sinais, mapas simplificados ou directorios.

Wayfinding: é a organización física do espazo para que os camiños se perciban con naturalidade, evitando a desorientación e o estrés, ademais de axudar a aforrar moito tempo.

#### (iii) Accesibilidade sensorial

A accesibilidade sensorial ten que ver coa eliminación de barreiras visuais e auditivas. Algunhas medidas son usar letras máis grandes, combinar sinais auditivas, visuais e táctiles, incluír o braille ou agregar metaetiquetas ás imaxes dixitais.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

Tradicionalmente, na nosa sociedade, véñense realizando adaptacións fundamentalmente no medio físico (aínda que non suficientes), e esquecendo o eido cognitivo e sensorial.

No concello de Ordes existen diversos entornos susceptibles de melloras.

No que se refire a barreiras físicas ou arquitectónicas:

- Moitas beirarrúas non presentan “rebaixe” para cruzar nin pavimentación táctil. Nalgúns casos existe dito rebaixe pero mal executado impedindo esa cota 0 que demandan as persoas con mobilidade reducida. Noutras situacións atopamos lama e auga na única zona rebaixada.
- Outras zonas non presentan o suficiente espazo para transitar ou presentan obstáculos. Isto provoca serias limitacións nas persoas con alteracións visuais, que usan cadeira de rodas, andadores ou que simplemente precisan do apoio doutra persoa ao seu carón para camiñar.
- Algunhas rúas teñen acceso exclusivamente por escaleira, estando a alternativa de paso a unha lonxitude considerable.
- As ramplas ou rebaixes que presentan moita pendente non son funcionais nin facilitan o desprazamento.

No referido a accesibilidade cognitiva os espazos públicos non están debidamente sinalizados. Esta situación dáse dentro do edificio do Concello, no centro de saúde, na Casa da Cultura...etc. Tampouco nas rúas existe unha axeitada sinalización dos principais centros de interese. Ben é certo que nos centros educativos se está a facer unha labor importante neste eido sinalizando con pictogramas máis pódense reforzar este tipo de iniciativas dende a administración local.

Tampouco se están adaptando os bandos ou as comunicacións importantes á lectura fácil.

En canto á accesibilidade sensorial non existen suficientes sinalizacións táctiles, como se citaba anteriormente, nin sinais acústicas nos semáforos.

Cómpre sinalar que moitas das problemáticas plantexadas teñen solucións ou alternativas sinxelas, de baixo custe. Trátase simplemente de que os/as representantes públicos/as adquiramos maior sensibilización na área e poñamos vontade en mellorar a contorna permitindo que os espazos permitan ser usados por todas as persoas en igualdade de oportunidades, fomentando a autonomía e a independencia.

Polo que, o grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes quere someter a consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo:

1. Elaborar un plan actualizado de accesibilidade municipal que contemple o eido físico, cognitivo e sensorial e que conste das seguintes etapas:

- Detección de barreiras.
- Definición das actuacións precisas para facer accesible a contorna.
- Programación e execución das actuacións.
- Seguimento e avaliación do plan.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

2. Establecer alianzas coas Consellerías competentes para levar a cabo actuacións en materia de accesibilidade cognitiva, física e sensorial nos centros de ensino e o centro de saúde de Ordes”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de nove votos a favor (grupo político PP), sete votos a favor (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

### 9. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- O pavillón do Mesón do Vento, o cal foi amañado e acondicionado recentemente, presenta unha serie de anomalías que impiden aos usuarios a realización das actividades programadas. Recentemente os cativos non puideron recibir a clase de patinaxe programada por estar o solo húmido. Ademais, outro pavillón do concello, o Castelao II presenta os mesmos problemas de humidades que fan que os usuarios de fútbol sala tampouco poidan entrenar e xogar partidos.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se resolvan urxentemente os problemas que presentan ditos pavillóns.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non pode admitir isto como urxentemente, que lle fale de anomalías. Estivo en actos con outros alcalde doutros concellos, isto mesmo aconteceu noutros concellos Cerceda, Frades, Mesía. As condicións climatolóxicas que tiveron o luns e martes da semana pasada, onte e hoxe, con esta situación non van a facer unha solución de urxencia. Estiveron traballando en medidas nos anos precedentes. Agora nesta tempada se volveron a facer. Non son cousas que se poidan facer dun día para outro. A climatoloxía é o que ten. Non van poder facer agora inversións na envolvente térmica, estamos a falar de inversións de moitos miles de euros. Hai actuacións enriba da mesa que se van a intentar facer para intentar mellorar estas situacións cando se dan estas condicións adversas que provocan esta situación de condensación. Agora mesmo hai un problema de climatoloxía que afecta non so a Ordes, que afecta a todos os pavillóns coa estrutura tipo nave metálica, cunha cuberta de chapa de panel. Onte visitaron o Castelao II, chorreaba a pista, as gradas, os piares, as paredes, ata as propias lonas de publicidade. A condición que se deu onte foi totalmente adversa, doce ou trece graos de temperatura e unha condición de humidade que superaba o noventa por cento. Estaba igualmente o Campomaior. Onte tamén sucedeu no Mesón do



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Vento. Están traballando para por en marcha algunha desas medidas, algunha se porá en marcha esta semana a maneira de proba. Que lle falle de anomalías.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que é algo que se ven repetindo todos os anos. Neste caso é chirriante por que o pavillón do Mesón do Vento fai pouco que foi reformado. Se non o poden usar os nenos non sabe canto se mellorou.

- Tras recibir os avisos dos veciños por falta da debida sinalización no cambio de sentido baixo nivel na nacional 550 á altura da Sobreira en Santa Cruz de Montaos.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Solicitar a Fomento a instalación da sinalización pertinente para informar do cambio de sentido existente na vía.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa fixo o informe a policía local e nos próximos día darase traslado á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- A beirarrúa da Rúa Lagartos atópase nun estado lamentable. Por unha banda atopamos tramos sen baldosas nas que nace herba. Por outra banda, existen numerosas deficiencias tales coma roturas do pavimento, desniveis, ocos e mesmo un bloque de formigón que constitúe un obstáculo para os viandantes.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se repoñan as baldosas dos tramos que se atopan sen pavimentar.

Que se eliminen os obstáculos da beirarrúa tales como o bloque de formigón.

Que se tapen os ocos existentes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración. Nas fotos hai cousas que xa están executadas pola Brigada municipal de obras antes do día de hoxe. Hai unha parte que é dunha actuación particular da que se lle dará traslado en base ao seu rogo.

- Un dos portais sen uso da Rúa do Muíño atópase nunha situación lamentable pola cantidade de lixo que acumula

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se tramite a limpeza de dito portal e se faga un chamamento á cidadanía para manter as rúas limpas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se fai todos os anos o chamamento á cidadanía. En canto a este caso puntual encargouse o informe á policía local e darase traslado neste caso a unha comunidade hereditaria para solventar a problemática que se da neste punto.





## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

- Tras a caída da folla dos árbores propia do outono non se limparon as rúas suficientemente. Froito disto, as entradas dos sumidoiros quedaron cubertas.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se realicen tarefas de limpeza para eliminar os restos de follas das rúas.

Que se aumente a frecuencia de limpeza en tempada de outono para previr atrancos na rede de sumidoiros.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que lle foi trasladado á empresa. Durante o outono é moi complicado por que se fai o varrido polas mañás e pola tarde volve a estar igual. Recalcouse que se tiveran en conta estas situacións.

- O carril bici do paseo Iván Raña presenta fendas, desniveis, elementos afiados e falta de limpeza xa que se acumulan follas e medra maleza nos sumidoiros.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se realicen tarefas de mantemento no carril bici para solucionar estas deficiencias.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa lle foi trasladado á empresa. Pola dirección da obra fíxose o informe en relación á garantía da obra do plan Hurbe, está pendente que a Consellería que foi quen contratou as obras lle esixa á empresa adxudicataria para a súa reposición. Dende o 13 de decembro que foi requirido non se solucionou. Espera que una vez que mellore o tempo se solucione esta situación.

- A piscina municipal Iván Raña presenta un estado de conservación pésimo. Ademais, a limpeza das instalacións é claramente insuficiente.

O chan dos vestiarios atópase case sempre húmido téndose producido caídas.

Nas superficies acumúlase gran cantidade de sucidade que, ao non limparse diariamente, perdura no tempo sendo unha mostra de insalubridade absoluta.

O mal estado das ventás e da instalación en xeral ocasiona filtracións do exterior podendo apreciarse regos de auga que circulan polo chan.

As tarefas de limpeza tampouco son suficientes no ximnasio onde poden apreciarse pozas de suor que permanecen alí ata o peche da instalación. Moitos dos azulexos xa se desprenderon amosando manchas de humidade que non se limpan. O mesmo acontece coas paredes nas que a pintura cae en anacos.

As duchas presentan sucidade acumulada nos laterais e o chan ten o revestimento danado.

Solicitamos ao Sr. Alcalde:

Aumentar a frecuencia de limpeza na piscina municipal dispoñendo de persoal durante parte da xornada na que a instalación está aberta ao público.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Realizar tarefas de mantemento no que respecta a filtracións e humidades evitando que se produzan novamente.

Repoñer o mobiliario estragado por mor das humidades.

Repoñer os azulexos.

Realizar tarefas de pintado tras unha limpeza xeral das paredes.

Reparar o chan das duchas.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que o que indica da limpeza vendo esta tubaxe parece que hai unha mata de pelo. Habería que facer un chamamento aos usuarios sobre as manchas de suor. Non se trata de que o persoal de limpeza estea limpando a porcallada que os demais van deixando, que todos fósemos máis coidadosos. En canto aos regos de auga das duchas, a limpeza faise ao mediodía e a última hora da tarde. Non lles parece axeitado estar interrompendo as entradas aos vestiarios durante a xornada. Trasládouse ao servizo de limpeza e algunhas cousas quedarán solucionadas no día de hoxe. O pintado terá que esperar ao mes de agosto que é cando se pecha para o mantemento.

Intervén a Sra. Rivadas López, que sinala que aquí o que se pide sobre todo é aumentar as frecuencias de limpeza. Con dúas quendas de limpeza ao día é insuficiente. É unha instalación pola que pasa moita xente. Aos usuarios aumentáronselles as cotas, non todo se debe a unha falta de civismo dos usuarios ou por falta de profesionalidade do persoal de limpeza.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que quere facer unha matización en canto ao incremento das cotas. Estabamos nunha instalación que daba un cincuenta por cento de perdas, noutros concellos tiveron que pechar as instalacións. Aquí séguese mantendo, aumentouse ata o sesenta e seis por cento do custe da instalación, o resto da porcentaxe se asume con cargo aos orzamentos municipais. A día de hoxe como consecuencia da crise enerxética derivada da guerra de Ucraína ten a situación de déficit que ten. Se esixen todo isto entón traían propostas sensatas para recalcular as cotas e tarifas dos usuarios. Sexan valentes tamén para iso.

- Na piscina Iván Raña existe unha reixa no chan estragada e desencaixada existindo risco de caída e corte.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se amañe dita reixa.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que xa está en trámite.

- A entrada ao centro de saúde atópase completamente embarrada por mor das choivas, as deficiencias na canalización e a falta de limpeza. Ademais de dar un aspecto totalmente descoidado é un risco para as persoas que transitan pola vía.

Solicitamos ao señor Alcalde:



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Que se realicen tarefas de limpeza na zona e se evite a caída de barro á calzada e á beirarrúa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa está avisada a empresa de limpeza.

- Na parroquia de Lesta, en dirección ao Pazo, existe un cruce con varias deficiencias.

Por unha banda, a sinalización do lugar está estragada. Por outra banda, falta a sinalización de circulación figurando soamente o poste. Ademais, o poste do cableado telefónico está a piques de caer estando suxeito unicamente por outro poste e unhas cordas.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se amañe a sinalización do Pazo (Lesta).

Que se repoña a sinalización de circulación.

Que se tramite o reemprazo do poste telefónico.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o primeiro punto foi solicitado á brigada municipal de obras. Non é un poste telefónico é un poste de UFD.

- Durante os últimos meses varias familias queixáronse de que os nenos e nenas que acoden aos cursos da piscina municipal pasan frío mentres están na auga. Isto débese a que non se atopan en actividade física en todo o momento xa que as clases requiren prestar atención durante algúns minutos, respectar quendas, escoitar instrucións, ... etc.

Ademáis, as familias indican que a temperatura da instalación é moi baixa e pasan frío cando se desprazan dende o vaso ata o vestiario.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se valore a posibilidade de elevar a temperatura da auga da piscina, especialmente durante os momentos nos que se imparten as clases.

Que se aumente a temperatura da instalación, especialmente no percorrido dende a piscina ata os vestiarios.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que segundo o informe do técnico de deportes, segundo establece a normativa a temperatura mínima do vaso de auga debe ser de 27º e a recomendación é que a temperatura ambiente sexa dous graos por enriba da do vaso. No caso da piscina por norma xeral a temperatura do vaso da auga é de 28,5º, estando a da instalación entre 30,5º e 31º. Fai unhas semanas houbo unha avaría e puido baixar un pouco a temperatura do vaso de auga, pero sempre estivo por riba dos 27º.

- A veciñanza alertou a este grupo político de que moitos contedores de lixo non se topan debidamente suxeitos. Isto supón un risco para as persoas e os bens materiais.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Ademáis, algún destes contedores atópase en pendentes, próximo ao estacionamento de vehículos ou ao paso de peóns. A iso hai que sumar o mal estado de ditos contedores.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se identifiquen todos os contedores sen ancoraxe e se proceda a solucionar o problema.

Que se proceda a reemplazar aqueles contedores en mal estado.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que o sistema de ancoraxes faino a empresa concesionaria do servizo de recollida de lixo. Fanse cen ancoraxes ao ano. Está pendente que se remita o listado dos que se farán este ano. Na foto o contedor non é do concello. Tamén se cambian os contedores, cincuenta ao ano, no da para cambialos todos, cámbianse os que teñen máis falta. Pide que lle indique onde é a foto.

Intervén a Sra. Rivadas López, que sinala que a foto é en Alfonso Senra, na marxe dereita en dirección a Santiago. Pode pasarlle por google maps o punto concreto.

- A veciñanza do Piñeiro indícanos que a calidade da auga nos últimos días está sendo deficiente. Nos días de máis choiva a auga chega embarrada, de cor marrón e con partículas en suspensión. Isto fai imposible utilizala para cociñar, lavar alimentos ou incluso asearse.

Esta é unha queixa habitual da veciñanza de Ordes que se manifesta ano tras ano.

Trátase dun problema de saúde pública e dunha alteración dun servizo básico que afecta á vida doméstica pero tamén ao comercio local.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se realicen as actuacións necesarias para solventar esta situación con carácter Urxente

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que neste tipo de rogos é importante aclarar as datas e horarios. É importante darlle traslado a Espina y Delfín, pode facerse email, chamando ao teléfono de avarías ou ao concello. Hai que facer máis purgado, a empresa está para iso, ten servizo vinte e catro horas. É importante que nos traian as datas para que a empresa saiba o que esta pasando.

Intervén a Sra. Rivadas López, que sinala que é certo que foi unha situación puntual, pero que se da con certa frecuencia. Farán a tramitación que nos indica. Dende o equipo de goberno poderá facerse algo para velar pola calidade do servizo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que moitas veces non é un problema na rede pública, é na rede privada.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

- Na pista que sube dende Os Bosteiros cara O Piñeiro, existe unha zona (marcada en vermello) onde non existe alumeado público e a visibilidade pola noite é bastante mala tal como se aprecia nas fotografías.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Se proceda a estudar a colocación de algún punto de luz máis na citada pista.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si foi ao lugar saber perfectamente que alí non hai postes de servizo eléctrico, so hai telefonía. Non hai casas que estean ser servizo. Situacións como esas a moreas en todas as parroquias. A colocación dun punto de luz son entre 300 e 400 euros, máis un poste e o custe anula de 70 a 90 euros. Dáse prioridade nas solicitudes aos tramos habitados tal e como esta recollido no regulamento e no contrato que a día de hoxe temos coa empresa.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No cemiterio do Valado, non se está a acender o alumeado interior do recinto, o que leva a que a veciñanza teña que acceder ao recinto con lanternas.

Lembramos que nestas épocas do ano, coinciden períodos nocturnos co horario de apertura e funcionamento do cemiterio.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A poñer en funcionamento o alumeado no interior do recinto do cemiterio municipal do Valado, nos períodos nocturnos que coincidan co horario de apertura e funcionamento do recinto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se comentou coa empresa de mantemento, era un problema no reloxero astra que no estaba funcionando e non podía acender. Ninguén avisou no tanatorio, nin ao goberno municipal ata que se presentou o rogo. Xa se pasou hoxe pola tarde e está solventado.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na parroquia de Santa Cruz de Montaos, a vía que vai desde o lugar de Vixide cara a Guindiboo de Abaixo, con coordenadas (situadas na ponte "da Garga"): 43.0448/-8.42731 presenta un estado moi deficiente. No inverno, a causa das condicións meteorolóxicas e do material do que está feita, enlámase e o paso dos vehículos vaise facendo cada vez máis difícil, producíndose grandes rodeiras e esvaramentos. A situación desta pista (ao lado do río e conectada á ponte "da Garga") presenta un claro perigo para as persoas usuarias desta pista, que é moi concorrida.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder coas labores de mantemento necesarias para arranxar o estado da vía para que non se produzan estas situacións.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en Montaos hai 27 qm pistas asfaltadas, 42 qm de rede secundaria de concentración parcelaria. Esta ano o inverno está facendo moito dano en todas as vías municipais. O tempo agora mesmo no permite este tipo de situacións. Hai que valoralas unha vez que as condicións metereolóxicas o permitan e ver como se vai actuando para recuperar todo o dano que vimos sufrindo dende o mes de outubro. En todo o termo municipal hai máis de 800 qm que vai haber que repasar segundo os recursos o permitan unha vez que se poida iniciar o plan de rebacheo a finais de marzo e comezos de abril.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que esta é unha pista moi concorrida, fórmulase o rogo para que a teñan en conta para ver se pode ir diante de outras.

- Existe unha porcentaxe de mozos e mozas no Concello de Ordes que teñen que marchar estudar fóra. Nos meses de Nadal adoitan volver á casa para pasar as datas das festas. Cando se atopan que queren ir ao ximnasio, ou ben teñen que pagar a matrícula para só acudir un mes ou ben teñen que pagar día a día, o que supón un gasto elevado para o seu peto. Esta mesma situación pode darse en persoas que por motivos laborais residan temporalmente no concello.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A crear algún tipo de abono quincenal para usuarios temporais nas instalacións da Piscina Municipal para este tipo de situacións.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que volve a votar en falta a proposta económica, é moi fácil pedir, tamén semanal ou outras alternativa. Neste caso o máis lóxico e a entrada puntual por sensatez. Co seu rogo poden darse variedade de peticións ou situacións diversas. Non a consideran lóxica. O abono familiar cubre situacións distas ata os vinte e un anos.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- O acceso para persoas con mobilidade reducida na explanada do campo da feira está atrancada con contedores de lixo, imposibilitando o acceso a rampla que permite acceder a rúa do Muiño.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Buscar un novo emprazamento para os contedores que obstaculizan o acceso a rampla así como a repara o acceso, dado que o xiro da rampla non é o suficientemente amplo para que unha cadeira de rodas poida virar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ese punto nunca foi concibido para unha cadeira de rodas. O deseñaron así, non esta plantexado para iso. A escasos metros hai un acceso para persoas con mobilidade reducida, vinte e cinco ou trinta metros máis adiante.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, que sinala que así esas persoas con mobilidade reducida teñen que cruzar toda a praza de aparcamento. Unha actuación aí non vai supor un sobrecoste para as arcas municipais.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Candal Fariña, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- En diversas xuntadas mantidas coa veciñanza, foinos trasladada unha preocupación en xeral pola seguridade viaria en relación á alta velocidade coa que transitan os vehículos nalgunhas zonas do concello.

En concreto na parroquia de Ardemil, existen queixas con respecto:

A estrada do campo da feira do Mesón do Vento. A estrada que comunica a N-550 co colexio por detrás da farmacia. A pista de Orellán de Abaixo. A pista entre a DP-2405 e a Salgueira de Abaixo.

Por outra banda, esta problemática non resulta allea a outras parroquias do noso concello, especialmente nas súas pistas principais, destacando os casos de Barbeiros, Bean, Buscás e Vilamaior.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A tomar as medidas precisas para conseguir o calmado do tráfico nas zonas sinaladas anteriormente (instalación de resaltos, pasos peonís elevados, controis de velocidade, ... etc.).

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que volvemos ao mesmo, quilómetros e quilómetros de pistas municipais, de pistas que non son municipais, competencias que non son municipais. Sabe que lle pediron a senda na outra marxe da Brea, eles xa fixeron dende fai varios anos a solicitude preceptiva ante a Deputación, haber se cumpre a Deputación cos veciños da Brea. Tamén ven que hai necesidades en moitas outras actuacións. Un proxecto que se comprometeu con eles no mes de novembro de humanización e senda dende a Pinguela ata a Calle de Poulo, polo que se ve non avanza. Os citan a reunións e despois as solucións son nulas. Son moitos os veciños que están sen atender nestes casos. Esas tamén son necesidades dos veciños que lles trasladan a eles e que lle trasladan aos organismos competentes. Fan o que é posible dentro das competencias municipais, dentro da legalidade e de acordo cos informes da policía local. Moitas das cousas que aquí pide xa hai informes desfavorables da policía local e polo tanto non se poden executar. Cando queira pode ir a falar con eles, por que o que el lle diga nunca lle vale de nada. Incompatibilidade en vías que non cumpren para vehículos pesados polo que non sería posible instalar o que propón. En canto a maquinaria agrícola estivo en reunións nas parroquias e viu como eles mesmos se enfrontaban entre eles cando se pedían bandas rugosas e o veciño que tiña o tractor se opoñía. Hai que ter sensibilidade para sabe escoitar a todos. É certo que hai moitas veces un problema de inseguridade por como circulan os vehículos, hai que concienciar a toda esa xente de algunha maneira. Os controis de velocidade fixéronse, a quen multaron, aos propios veciños da parroquia, enfados, despois viñeron ao concello a preguntar quen pedira o control de velocidade. Todos somos malos, os veciños que demandan e os veciños que pillaron nun exceso de velocidade. Todas estas cuestións están moi bonitas. Situacións destas en moitos lugares nas parroquias do concello.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que lle gustaría ver todos eses informes da policía local para comprobar se en todos estes puntos é inviable facelo. Nunha xuntanza un veciño dixo que non se podía poñer polos tractores, entón que quere que o pille un tractor mellor que un coche. Agora que se lle diga que non se pon unha medida de seguridade por que multan aos veciños. Ten medo de perder un voto. Xa sabe que non o pensa. A seguridade é ante calquera cousa. Terá que ser valente, terá que tomar medidas, moitas veces antipopulares, para iso é o Alcalde, para iso está gobernando.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na rúa Casavella o aglomerado presenta deterioracións en diversas zonas, podendo apreciarse afundimentos e problemas derivados dunha escasa ou deficiente compactación das gabias.

Trátase dunha obra executada hai menos de dous anos, na que non resulta de recibo que a día de hoxe presente este estado.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A esixir a reparación destes problemas con cargo ás garantías da obra.

A que se leve a cabo un control de calidade das obras que se executan no concello, esixindo entre outras, probas de compactación das gabias para evitar que este tipo de problemas se reproduzan no futuro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que son coñecedores, en canto o tempo mellore. O que di no segundo apartado é unha pena que os propios pregos da Deputación sacasen o control de calidade, iso foi dende que vostedes chegaron ao goberno da Deputación no ano 2015.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que eles chegaron ao goberno da Deputación pero o control das obras terá que facelo quen as executa. Non será obrigatorio, pero si despois temos este tipo de problemas é bastante recomendable que se faga e non estar continuamente con problemas en vías que foron fai pouco pavimentadas. Citamos a rúa Casabella, pero pode verse como agora a rúa Nova, que foi pavimentada fai poucos anos, amosa unhas fochancas. A rúa de Galicia está completamente desfeita un pouco máis abaixo da Casa da Cultura, é necesario un maior control, para evitar estes problemas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que moitas das actuacións que acaba de citar non son deste goberno, son pretéritas. Pode poñerlle o exemplo da rúa do Recreo que foi arranxada tres veces nos últimos tres anos é vemos como está. Isto non xustifica que poida haber defectos en calquera outra. Iso acontece nas obras, tamén nas que vostede dirixe, que pode haber unha deficiencia que pode aparecer a futuro, ningún é perfeccionista.

- O dique que contén as terras da cidade deportiva "Vista Alegre", presenta desde fai anos unha zona na que se produciu un corremento de terras, deformando o trazado do muro.

Por outra banda, o citado dique filtra auga ao camiño que transcorre pola súa fronte, camiño que comunica co núcleo do Valado, que non conta con cunetas e onde a auga corre superficialmente polo mesmo, coas correspondentes deterioracións.

No núcleo do Valado propiamente dito si que existen conducións de pluviais, pero na saída do citado núcleo, as augas son vertidas á cuneta do camiño que conduce ao "rego do Valado", cuxa falta de limpeza pode ocasionar entullos que desvíen a auga cara o camiño, coas correspondentes deterioracións que podan ocasionar.

Nestas épocas do ano, a cuneta conta cun considerable caudal de auga, polo que resultaría atinada a dotación dunha media cana na cuneta. Lembramos que estamos a falar dun tramo cunha lonxitude aproximada de 165 m.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A efectuar as actuacións precisas sobre as zonas deterioradas do dique de contención da cidade deportiva "Vista Alegre", para garantir a súa estabilidade.

A dotar ao camiño que conduce ata o núcleo do Valado das cunetas precisas para conducir as augas pluviais filtradas polo dique de contención da cidade deportiva "Vista Alegre".

A dotar a cuneta que conduce as augas pluviais na saída do núcleo do Valado cara o "rego do Valado", dunha media cana.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no derradeiro ano a Brigada municipal de obras fixo un mantemento de todo ese muro perimetral. Hai un abombamento, pero non parece ser estrutural. Pedirase que os técnicos da asistencia técnica municipal o revisen. En canto á segunda cuestión é algo do que son perfectamente coñecedores pero non hai espazo público, non se poden facer cunetas en espazos particulares. É o que hai que trasladarlle aos veciños. Nos laboreos non ha que chegar ata as zonas de tránsito. Pasa o mesmo na inmensa maioría das pistas no día de hoxe da rede pública de Ordes e da rede pública de Poulo que aínda non ten concentración parcelaria, onde non é posible facer estas cunetas que plantexa sen invadir propiedades privadas. Hai que seguir a concienciar aos veciños a ter todas esas zonas de contención contra o camiño público cunha gabia e facer as entradas correspondentes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que xa que os veciños lles trasladan estas necesidades intentar chegar a algún tipo de acordo para a cesión do terreo preciso para intentar facer estas conducións que solucionen esta cuestión.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que máis importante é que non laboreen ata a pista.

Por último, polo Alcalde ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos grupos políticos.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- No pasado pleno ordinario de outubro este grupo político trasladaba a necesidade de limpar unha pista da parroquia de Santa Cruz de Montaos. O goberno municipal acadou o compromiso de realizar as xestións oportunas. Durante o mes de xaneiro pasamos a facer seguimento dos traballos comprobando que a situación seguía a ser a mesma.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Por qué non se realizaron as tarefas de limpeza?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa lle dixo que iso non é unha propiedade municipal, é unha propiedade privada. Déuselle traslado ao veciño. Hoxe comunicouse co veciño e recordoullo, están actuando, antes de agora foi complicado. Comprometeuse a tratar de facelo canto antes.

- No mes de decembro, o PSdeG-PSOE de Ordes a través da súa secretaria xeral, solicitou ao Concello de Ordes borrar unha pintada froito dun acto vandálico que



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

transmite unha mensaxe de odio contra este partido político. Ademais, solicitábase condenar actuacións deste tipo.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Efectuou o Concello de Ordes as actuacións solicitadas?.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que se solicitou informe á policía local e requiríuse á propietaria que pintou por riba das siglas do partido segundo puideron ver todos. Condenan calquera acto vandálico ou que atente contra o principio de igualdade. Eles tamén foron vítimas de pintadas no ano 2019 e o que fixeron foi presentarse diante das vivendas coas pintadas, pedir desculpas pola pintada e ser voluntarios para proceder ao seu borrado.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- Parte da veciñanza ordense recibiu un calendario como obsequio por parte do Concello de Ordes. Nalgúns casos este material deixouse en baixos sen uso e, noutros casos, estragouse en breve por mor das humidades típicas da tempada ao deixalos no chan.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Que custe supuxo para as arcas municipais a elaboración dos calendarios?.

¿Que custe supuxo para as arcas municipais o reparto destes calendarios?.

¿Que criterio se seguiu para o seu reparto?.

¿Quen se encargou de realizar o reparto?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que 2.491,00 euros, o reparto foi feito por persoal do concello, como sempre tratouse de chegar a todos os negocios. Para eles tamén é importante saber por que se deixou este material en baixos sen uso ou en lugares nos que se puidese estropear, por que está mal feito o traballo. Adquírense 1.800 calendarios de sobremesa, 1.700 de parede tamaño 23x50, 300 de parede tamaño 43x50. Os grandes para dependencias municipais, colexios, os pequenos están a disposición de calquera veciño que os poden recoller na pranta baixa. Os que se reparten son os de sobremesa.

- As persoas usuarias da piscina municipal Iván Raña véñense queixando dos cheiros do vaso.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Cando se realizou a última análise da auga realizada?.

¿Con que frecuencia se realizan ditas análises?.

¿Quen se encarga de realizar a toma da mostra e en que condicións?.

¿Cales foron os niveis de enterococcus faecalis e E-coli na última análise realizada?.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que as analíticas de auga do vaso fanse cunha periodicidade de un mes, a última realizouse o 31 de decembro, a seguinte está prevista para o último día deste mes. O encargado da recollida e análise da mostra é o sanatorio Concheiro. Os niveis son negativos. As analíticas están expostas no taboleiro de anuncios.

- A veciñanza amosou o seu descontento porque durante a cabalgata de reis as persoas colaboradoras (moitas delas nenos e nenas) tiveron que realizar o percorrido baixo a choiva.

Tamén se escoitaron queixas pola falta de música e elementos decorativos durante o paseo que contribuíran a facer máis atractivo o evento.

Ademais, producíronse longas colas para acceder ao interior da carpa instalada na alameda. As familias tiveron que agardar tamén baixo a choiva.

Noutros concellos con menos habitantes que Ordes estes eventos realizáronse con percorridos con maior animación. Engádense imaxes correspondentes ás cabalgatas de reis de Padrón e Oroso deste mesmo ano.

Por outra banda, non se convidou a ningunha persoa da oposición para participar no evento a pesares de comunicar que a “recepción” se levaría a cabo por parte da Corporación Municipal.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

Dada a previsión de choiva para o día 5 de xaneiro pola tarde, ¿foron tidas en conta alternativas para protexer da choiva ás persoas colaboradoras e ao público asistente?.

¿Por qué non se introduciu música e animación durante o percorrido, tal e como se fixo noutros concellos e mesmo no Concello de Ordes en edicións anteriores?.

Cree que o evento estivo á altura dun Concello coma o de Ordes con máis de 12.000 habitantes e cunha concellería competente na materia con adicación parcial?.

¿Por que non se convidou á oposición á cabalgata de reis?.

Intervén o Sr. Blanco Viqueira, concelleiro delegado de cultura, que sinala que si que había alternativas como o pavillón, que se usou algún ano, despois de falar con MeteoGalicia nas horas de saída da Cabalgata non daba choiva polo que se decidiu a súa celebración. Para o público asistente colocouse unha carpa a maiores para que os nenos estivesen ao abrigo. O ano pasado houbo animación gracias á colaboración da Asociación camiño real de Poulo. Fora da xornada de dedicación parcial adicanse horas a maiores mirando polas actividades no noso concello. Se ven o custe das carrozas dos reis que oscilan a partir de 18.000 euros máis ive, creen que para un percorrido de cincocentos ou seiscentos metros que dura quince minutos deben investir ese diñeiro, a súa resposta é non por que sería tirar cos cartos. Á última pregunta, é certo que foi un erro, pide desculpas, non volvera a pasar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que así llo trasladou a persoa responsable das redes sociais, foi un erro seu. Á invitación á corporación municipal nunca se fixo, calquera membro se pode acercar á cabalgata. Non houbo mala intención.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- A Rúa da Canteira pavimentouse a finais do ano 2020. Tres anos despois o firme xa está estragado.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Realizouse algún tipo de reclamación pola deficiencia de dita obra?.

¿Vaise amañar o firme?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta rúa tiña un problema previo cando se arranxou. O problema máis grande estaba no propio entronque coa rúa Ramón Ferreiro e rúa do Mercado, co resto da baixada que continuamente rompía. Esa parte quedou resolta. Dende que se fixo a última actuación este ano viron que volven a ter un problema coa rede de pluviais que estaba aí executada, non é propiamente da obra de asfaltado. Nestes caos hai que meter a cámara, ven onde esta o problema e a partir de aí programar a actuación. Non se vai a pedir responsabilidade e botar unha nova capa de firme cando o problema da toda a sensación que está máis abaixo. A veces son malas conexións das redes de pluviais que fan un lavado provocando un dano en dous pequenos tramos. Tan pronto o tempo o permita tratarase de solventar esta situación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Na páxina web municipal, existe un apartado sobre información pública de parques solares fotovoltaicos, existindo no mesmo unha ligazón sobre o proxecto “Parque Solar Fotovoltaico Meirama e a súa Infraestrutura de Evacuación”.

Desde o 26/12/2023 e ata o 09/02/2024, atópase en fase de envío de suxestións ou alegacións o proxecto “Parque Solar Fotovoltaico Queiroal e a súa Infraestrutura de Evacuación” (Expediente IN408A 2023/003).

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

¿Por qué motivo non se dispuxo unha ligazón sobre o citado proxecto na páxina web municipal?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que primeiro indicar que eses anuncios son xestións que fan os técnicos municipais segundo a normativa vixente. Para nada interveñen eles nisto. Neste caso unha vez feita a pregunta, falado cos técnicos, realizouse unha consulta á Consellería. Ten un razoamento legal e xurídico para non facelo. O que se lles contesta é que neste caso, neste proxecto, non se solicita a declaración de utilidade pública polo que non é necesaria a publicación no taboleiro de anuncios do concello, tramitándose unicamente como autorización administrativa previa polo que a publicación é no BOP, DOG e páxina de transparencia da Consellería como estable o arts. 125, información pública, e 144, información pública, do R.D. 1955/2000, do 1 de decembro. A notificación da Consellería ao Concello non o pedía polo que non se procedeu a facer esa información pública.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta por que nun caso si e outro non, esta parque de Meirama aínda non está en fase de alegacións, non consta nin no boletín. Este que si está nesa fase non está publicado.





## CONCELLO DE ORDES

---

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os técnicos fan a publicación en base a notificación do que lles demandan segundo a tramitación que hai que facer. A resposta da Consellería á consulta do concello indica isto. Se en base a esa normativa non é necesario os técnicos municipais non van a facer unha información pública de algo que ninguén lle está solicitando. Noutros casos si está por que así llo solicitaron. Hai que cumprir coa normativa vixente.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás **vinte e unha** horas e **catro** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE  
José Luis Martínez Sanjurjo  
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO  
Juan Luis González Iglesias